



Confederación Intersindical Galega

A CIG denunciou os feitos na Inspección de Traballo por vulnerar a lexislación laboral en vigor

Persoal de Telefónica fixo traballos asignados aos operarios de Liteyca que están en folga

A Coruña, 1 de agosto de 2007

As seccións sindicais da CIG en Telefónica das provincias de A Coruña e Pontevedra veñen de presentar denuncias na Inspección de Traballo nas que dan conta de que operarios desta compañía realizaron a pasada fin semana traballos asignados ao persoal de Liteyca, que desde o 23 de xullo permanecen en folga indefinida.

Traballadores de Telefónica da provincia de Pontevedra realizaron a pasada fin de semana tarefas nas comarcas de Eume, Betanzos e Ferrolterra, zonas que son o lugar de traballo habitual da empresa Liteyca, cuxos operarios permanecen en folga indefinida desde o 23 de xullo. Estes feitos vulneran a lexislación vixente no que se refire ao R.D.L. 17/1977 no seu capítulo 1º, apartado 6.5.

Por outra banda, os instaladores de Liteyca do centro de traballo de Lugo aprobaron en asemblea adherirse á folga que manteñen os seus compañeiros na planta de Bergondo (A Coruña). Os operarios protestan polas xornadas excesivas de traballo que teñen que realizar (unha media de 12 horas diarias) e polo incumprimento na súa empresa do Convenio Colectivo do Metal.

Na planta de Bergondo permanecen en folga indefinida uns 30 instaladores. Liteyca é unha empresa que realiza traballos para Telefónica en diferentes comarcas da provincia de A Coruña. Os operarios desta subcontrata teñen que dar resposta a todas as avarías que se produzan nas redes de Telefónica.

Saúdos de:

- Xosé Luís Sande Muñiz, delegado da CIG en Telefónica. Tel: 626 73 63 04
- Carlos Folgar: integrante do comité de empresa de Liteyca. Tel: 696 495 338
- Vicente Pérez, integrante do comité de empresa de Liteyca. Tel: 606 385 964